


CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

21 – 22 de marzo do 2020

IV DO TEMPO DA CORESMA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
E COA NATUREZA MALTRATADA



1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa)

(se se quere) CANTO 🎵 n° 7 *Andarei na presenza*

SAÚDO DE BENVIDA

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta oración. Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

O evanxeo deste cuarto domingo de coresma pode axudarnos na situación actual. Un cego de nacemento atópase con Xesús e nese encontro atopa a luz que precisaban os seus ollos e o seu corazón.

Nós hoxe tamén vemos todo negro: pandemia, mortos, contaxiados, pechados na casa, en soidade... Ata podemos sentir desesperanza pensando que Deus non está á nosa beira. Non hai peor cego que o que non quere ver.

Os cristiáns, nós, temos que abrir os ollos, ter ilusión e esperanza, saber que Deus é o noso Pai e non nos deixa da súa man.

Cando sexamos capaces de vivir isto, entón poderemos ser de verdade testemuñas do evanxeo e mensaxeiros da esperanza. Non fallemos nós e compartamos en familia este noso crer, pois hoxe o Señor dóese con nós.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante: *Nestes momentos nos que a nosa vida precisa de conversión e de cambio de actitudes, é necesario confiar na man de Deus e na súa misericordia, e na nosa responsabilidade. Pidamos perdón polos nosos egoísmos e despreocupacións respecto aos outros:*

Monitor/a

- Abre os nosos ollos, Señor, e perdoa as veces que o noso comportamento fai que non sexamos responsables nestes momentos difíciles. Perdón, Señor, perdón
- Abre os nosos ollos, Señor, e perdoa cando só somos capaces de ver o negativo, o que non ten remedio. Perdón, Señor, perdón
- Abre os nosos ollos e perdoa cando vemos, si, pero para outro lado, e deixamos de mirar polos pobres, polos asoballados, polos refuxiados. Perdón, Señor, perdón

Celebrante *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que sofren as consecuencias dos nosos feitos e omisións. A todos nos conceda o perdón e nos leve á compartir a vida eterna. Amén*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Presentamos a Deus as nosas preocupacións e desexos, dun xeito especial nestes días que sentimos a separación dos nosos veciños e veciñas polas circunstancias nas que vivimos.*

(silenzo)

Deus, noso Pai, ti reconciliaches contigo a toda a humanidade, enviándonos ao teu fillo Xesús para que acompañara os nosos camiños.

Aumenta a nosa fe de fogar cristián, para que os nosos sexan pasos cos ollos ben abertos, e así outros se apoiem en nós e xuntos poidamos facer crible o evanxeo.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) **Proclamamos a Palabra de Deus de hoxe**
No Leccionario I- A páxina 71 **LECTURA**

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA DE SAN PAULO AOS EFESIOS

Irmáns e irmás:

Antes erades tebras pero agora sodes luz no Señor. Así que andade coma fillos da luz, (porque a luz é toda bondade, xustiza, verdade), tendo en conta o que agrada

ao Señor. E non compartades as obras estériles das tebras; polo contrario, denunciádeas, que do realizado por eses tales ás agachadas dá vergonza mesmo falar. Pero todo iso, cando o delata a luz, queda ao descuberto, pois todo o que se manifesta é luz. Por iso dise:

Acorda, ti que estás a durmir,
érguete do medio dos mortos
e Cristo iluminarate.

Palabra do Señor

(se se quere pode cantarse)

♫ *nº 41 Quen nos vai separar de Ti* SALMO

(en pé) *No Leccionario I – A páxina 75* EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela, ao pasar Xesús viu a un cego de nacemento. Cuspiu na terra, fixo lama e untouna polos ollos do cego, dicíndolle:

- Vaite lavar na piscina de Siloé (que quere dicir “enviado”). El foi, lavouse e volveu con vista. Entón os veciños e os que antes o viran andar a pedir preguntaban:

- Non é este o que estaba sentado a pedir?

Uns dicían: “éche o mesmo”; outros, “non, é un que se lle asemella” e el dicía: “son eu”.

Levaron onda os fariseos o que fora cego. (Era sábado o día que Xesús fixera lama e lle abriera os ollos). E outra

vez lle preguntaban tamén os fariseos como chegara a ver. El respondeulles:

- Untoume lama polos ollos, laveime e vexo.

Algúns dos fariseos dicían:

- “Este home non vén de Deus, que non garda o sábado”.

Outros, en cambio, dicían:

- “Como ía poder un home pecador facer estes sinais?”.

E había división entre eles. Entón preguntáronlle outra vez ao cego:

- A ti que che parece ese home que lles deu a vista aos teus ollos?

El contestou:

- Que é un profeta.

Respondéronlle eles:

- Ti naciches todo metido en pecados, e vasnos ensinar a nós?. E botárono fóra.

Oíu Xesús que o botaran fóra, buscouno e preguntoulle:

- Cres ti no Fillo do Home?.

El respondeulle:

- E quen é, Señor, para que crea nel?

Díxolle Xesús:

- Éche o mesmo que estás vendo e que está a falar contigo.

El dixo:

- Creo, Señor. E prostrouse diante del.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón


Neste momento lemos este texto que temos para explicar o taboleiro de coesma

En todos estes días de coesma estamos preparándonos para a Pascua. Acompáñanos este taboleiro. Hoxe facémolo dende a nosa casa.

Esta cuarta semana fálanos de NON APAGAR A CARIDADE. Significa descubri-la coma un camiño sen fin, como un camiño no que contaxiamos o corazón para o ben facer aos demais sen presumir nin aparentar.

Na vida o que verdadeiramente importa é o corazón, e non tanto as cousas e os cartos. Así o viviu Xesús amosando que ser igrexa é facelo dende a bondade do crente que ama.

Nestes días de desacougo non podemos apagar a CARIDADE pois ven sendo unha man farturenta que se abre para os demais e na que todos atopamos un compartir á nosa beira.



PROFESIÓN DA FE

Celebrante: Sabendo que o Pai está sempre á nosa beira, proclamamos a fe que nos guía no noso camiñar. Dicimos

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Monitor/a

Credes en Deus Pai,
que nos convida a abrir os ollos
acollendo a luz que resplandece no evanxeo?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes en Xesús,
o seu Fillo benquerido,
que se achega a quen se sente cego
e ofrece a súa vida coma luz e exemplo do bo facer?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes no Espírito Santo,
que nos alumea no corazón para acoller e aprezoar
a quen pensa, cree ou vive diferente?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

Credes na Igrexa,
comunidade que dende cada fogar
quere ser LUZ de vida,
de caridade e de esperanza no Cristo Resucitado?

Creo, Señor, pero aumenta a miña fe

(en pé) ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Señor, os que formamos a comunidade de Os Cotos, dende cada casa, queremos rachar as tebras que escurecen os nosos ollos, e abrílos á luz da fe. Confiados rezamos dicindo:

Señor, ábrenos os ollos

Monitor/a

1. Para sermos luz de renovación e compromiso na familia, na igrexa, e na nosa comunidade de Os Cotos. Oremos

2. Para sermos luz de compañía, nós que nestes días sentimos os desacougos da soidade. Oremos

3. Para sermos luz de ilusión para quen se sente canso e cheo de medos por todo o que está pasando. Oremos

4. Para que abramos os ollos e sexamos quen de ver todo o bo que moita xente está a facer por nós. Oremos

5. Para que abramos os ollos e sexamos quen de ver as necesidades da xente maior. Oremos

6. Polas persoas afectadas polo virus, para que reciban os coidados sanitarios necesarios para superar a enfermidade. Oremos

7. Polos profesionais da sanidade, para que non decaian no seu esforzo e saiban mostrar esperanza e tenrura aos que teñen ao seu coidado. Oremos.

Celebrante: Grazas, Señor, por facernos ver que segues á nosa beira escoitándonos e acolléndonos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS EN FAMILIA

NOSO PAI

Celebrante: O cego de nacemento fiouse de Xesús. Que nós, que hoxe rezamos na nosa casa, tamén nos fiemos del porque así atoparemos luz para vivir estes momentos.

Recemos dicindo NOSO PAI ...

SIGNO DA PAZ

Celebrante: Os nosos desexos de paz para todos mostrámoslos hoxe recordando a aqueles veciños que participan outras veces ao noso lado na celebración comunitaria da fe. (Podemos dicir en alto o nome de veciños e veciñas que botamos de menos neste rezar de hoxe)

NON COMULGAMOS PERO ESTAMOS EN COMUNIÓN

Celebrante: Celebrar a fe leva a comprometer a vida en construír un mundo que sexa compartido, un mundo que coma camiño de coresma quere amar e facer ben aos demais para superar todo o que hoxe nos preocupa.

Ditosos nós que en familia celebramos a nosa fe.

4.- ORACIÓN FINAL

Celebrante

*Oramos a Ti, Deus, noso Pai,
que iluminas a toda persoa
que ven a este mundo,
ilumina os nosos corazóns
para que os nosos pensamentos sexan axeitados,
os nosos feitos merezan o teu agrado
e o noso amor sexa sincero
vivíndoo en familia neste noso fogar.
Por Cristo, noso Señor.*

Con Xesús queremos abrir os ollos ao bo da nosa familia, da nosa comunidade, do noso rural, das nosas xentes, aínda que ás veces parezamos poucos e maiores.

Con Xesús queremos sentir a luz de quen ofrece o mellor aos demais, como está facendo tanta xente nestes días.

Con Xesús queremos achegarnos á vida auténtica porque non podemos fuxir da realidade da pandemia, sen esquecer os refuxiados, a violencia de xénero, os que sofren abusos, e tantas persoas necesitadas do noso bo facer.

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve á vida eterna. Amén.*



Se nalgún momento sabemos de alguén que necesita algo (alimentos, butano, medicamentos, ... ou o que sexa), fágasenos sabelo, e poremos da nosa parte todo o necesario para resolvelo. Os párrocos e a parroquia quedamos á vosa disposición.

